Como indicou entón a conselleira, este parque está incluído na modificación do PSOAEG. Dito documento xa foi sometido a avaliación ambiental e está actualmente en fase de adaptación para a súa exposición pública.

Unha vez aprobada a modificación do PSOAEG procederase á redacción do correspondente PIA e proxecto de urbanización".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2022 13:09:40
Nº Rexistro: 34440
Data envío: 03/05/2022 13:09:40.937

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/05/2022 13:09:38

CSV: BOPGDSPG-3eF4vnx45-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 31560**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e dona Paloma Castro Rey, sobre **"as adxudicacións por parte da Administración Autonómica ao Grupo Eulen"** (publicada no BOPG número 289 do 9 de marzo de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

"O pasado 6 de abril o Director Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa dou reposta a esta mesma iniciativa ao contestar á Pregunta oral con Nº de rexistro 31552 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O Director xeral explicou que o Grupo EULEN é un grupo empresarial con magnitudes importantes de emprego e vendas cunha traxectoria longa no tempo e nos territorios que contrata con numerosas administracións de todos os signos políticos, como outras empresas que teñen importantes niveis de facturación.

Lembrou o Director xeral que a Xunta é unha organización na que moitos profesionais de alto nivel e cualificación xestionan a contratación pública, e que a contratación está sometida a moitos controis polo que a discrecionalidade non é o factor explicativo das adxudicacións, senón que ditas adxudicacións se acordan en base ao traballo motivado das mesas de contratación".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2022 13:09:33
Nº Rexistro: 34439
Data envío: 03/05/2022 13:09:33.406

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/05/2022 13:09:29

CSV: BOPGDSPG-3eF4vnx45-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 32298**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos e don Paulo Ríos Santomé, sobre **"a situación do transporte público de viaxeiros na comarca de Santiago de Compostela"** (publicada no BOPG número 298 do 25 de marzo de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade en resposta á pregunta oral en Pleno número 32300, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 27 de abril de 2022, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade destacou a mellora continua do transporte público da Xunta, que actualmente ofrece 40 servizos ao día entre Negreira e Santiago e 24 durante a fin de semana. A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade fixo fincapé na vontade continua de diálogo e na sensibilidade da Xunta ante as demandas trasladadas polos usuarios co obxectivo de ofrecerlles sempre a mellor solución.

A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:



<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=OGZhYjYzMzEtODlkYS00MGVmLWI2OTctOTkwNTJiMjU5NjAw&start=971](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OGZhYjYzMzEtODlkYS00MGVmLWI2OTctOTkwNTJiMjU5NjAw&start=971)

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=OGZhYjYzMzEtODlkYS00MGVmLWI2OTctOTkwNTJiMjU5NjAw&start=1315](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OGZhYjYzMzEtODlkYS00MGVmLWI2OTctOTkwNTJiMjU5NjAw&start=1315)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 34399
Data envío: 02/05/2022 14:31:21.774

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/05/2022 14:31:16

CSV: BOPGDSPG-3eF4vnx45-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 32656**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a anulación da contratación da construción do centro terapéutico ocupacional público e de xestión pública de Ourense e o novo procedemento de adxudicación"** (publicada no BOPG número 301 do 31 de marzo de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

"Tal como reflicte a exposición de motivos da pregunta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG) con número de rexistro 32656, o 18 de marzo de 2022, esta Consellería xa compareceu en sede parlamentaria para dar conta da execución das obras de construción do Centro de Atención a Persoas con Discapacidade (CAPD) de Ourense.

En dita comparecencia xa se dou conta dos motivos que ocasionaron os retrasos na construción do centro, do compromiso da Consellería en canto ao carácter público do centro e da situación do expediente ata aquela data.

Cómpre recordar que, segundo o manifestado pola UTE adxudicataria, o sistema para restablecer o equilibrio económico do contrato que recolle a disposición adicional segunda da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, non acadaría a equiparar a subida dos custos que din que se están a producir. Así pois, para saír da situación de parálise de actividade da UTE propúxose, por ser a opción que se considera máis rápida para reactivar a obra, a resolución do contrato. Neste proceso estase a espera da conformidade da contratista, vontade que determinará o procedemento a seguir e os tempos do



mesmo. Se a UTE non formulase oposición a resolución sería case inmediata e, de non ser así -agás que repentinamente retomase a actividade- sería preciso seguir os procedementos cos prazos establecidos nas distintas causas de resolución que recolle a Lei de contratos do sector público.

No referente ás posibles datas dun novo procedemento de licitación debe terse en conta que este non podería comezar ata que se resolvese o actual. Co que a previsión de inicio dun novo procedemento tamén ven determinada pola decisión que se agarda da UTE. Polo que, ata que se coñeza esta, calquera previsión que se faga para o inicio do procedemento será dunha elevada incerteza e susceptible dunha considerable oscilación en función dun proceder ou outro da adxudicataria.

O que si se pode prever con seguridade son os prazos que tería unha nova licitación, xa que estes veñen recollidos na Lei de contratos do sector público, de acordo ao procedemento establecido para un contrato de obras suxeito a regulación harmonizada como é este caso. O prazo de presentación de ofertas non poderá ser inferior a 30 días, tendo en conta a redución de prazos pola licitación electrónica. Transcorridos os tempos para a apertura de proposicións e adxudicación, cuxos prazos se establecen só en termos de máximos, a formalización do contrato debe facerse pasados 15 días hábiles desde a adxudicación. Se non se tivese presentado ningún recurso especial en materia de contratación, e dentro do mes seguinte, debería efectuarse o replantexo. Co que nese momento se iniciaría unha nova execución cuxo prazo sería algo superior aos 12 meses.

En todo caso, as consignacións orzamentarias non suporán un condicionante para ningún procedemento de licitación ou execución do CAPD de Ourense. Na Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 figuraba unha cantidade de 6.692.348€ e, aínda que no primeiro cuadrimestre do ano aínda é moi cedo para iniciar a elaboración dos orzamentos de 2023, a Consellería dispón de fontes de financiamento para presupostar, se fose preciso, todo o importe de licitación dun novo contrato na anualidade 2023.





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 34398
Data envío: 02/05/2022 14:31:13.133



Xacobeo 21-22

Polo que atinxe á información e participación facilitada ás familias dos futuros usuarios do CAPD de Ourense, a Delegación da Xunta de Galicia nesa cidade está a manter reunións e contacto con elas para que estean ao tanto da situación do centro".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 34398
Data envío: 02/05/2022 14:31:13.133

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/05/2022 14:31:10

CSV: BOPGDSPG-3eF4vnx45-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 32660**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da reapertura do centro sociocomunitario Porta do Camiño de Santiago de Compostela"**(publicada no BOPG número 301 do 31 de marzo de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

"Como sinalou o director xeral de Inclusión Social, Arturo Parrado Puente, na Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego do pasado día 21 de abril en resposta á pregunta oral número de rexistro 32659 presentada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), as dependencias do centro sociocomunitario de Santiago de Compostela teñen unha particularidade que explica a imposibilidade da súa reapertura ao público durante a irrupción das diversas ondas de contaxios.

O centro figura situado dentro das instalacións da Residencia de Maiores Porta do Camiño, coa que comparte accesos e persoal empregado. Boa parte do período de peche veu motivado pola imposibilidade de cumprir cos protocolos sociosanitarios e, ao mesmo tempo, permitir a entrada do público en xeral sen ter contacto, directo ou indirecto, cos propios residentes que, como demostraron desafortunadamente as cifras de contaxios, supuxeron un colectivo de alto risco.

Logo dos momentos máis difíciles da pandemia, durante os cales os residentes non puideron saír ao exterior e tampouco recibir visitas, a saída do confinamento planificouse como unha transición paulatina e de xeito progresivo. Esta planificación e as medidas recomendadas polas autoridades sanitarias obrigaron á



Dirección do centro a propoñer unha reorganización dos espazos compartidos coa residencia para posibilitar a recuperación das visitas dos familiares aos usuarios desta e cumprir coas medidas de distanciamento social, entre outras. A devandita reorganización dos espazos posibilitou retomar as visitas aos residentes dos seus seres queridos en condicións controladas e sen que tivesen que acceder a outras partes da zona residencial.

De xeito paralelo ao exposto, o centro sociocomunitario non puido retomar a súa actividade habitual pola execución dunha obra de mellora no acceso ao edificio cualificada como moi necesaria para posibilitar o control de accesos ás dependencias. Os traballos permitiron a colocación dunha porta con apertura controlada, e non foi ata finais do mes de xaneiro deste ano que se remataron.

A día de hoxe continúaase cos traballos de reorganización dos espazos co obxectivo de adaptar as actividades á nova situación. Estas actuacións están xa practicamente rematadas, o que permitirá novamente a utilización do centro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 34397
Data envío: 02/05/2022 14:31:06.415

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/05/2022 14:31:03

CSV: BOPGDSPG-3eF4vnx45-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 32741**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas da Xunta de Galicia para garantir a seguridade viaria das persoas peregrinas no quilómetro 36 da N-547 no concello de Palas de Rei"**(publicada no BOPG número 301 do 31 de marzo de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está a intensificar as actuacións para reforzar a seguridade viaria, a accesibilidade e a integración paisaxística nos Camiños de Santiago, cun investimento autonómico de 17,5 millóns de euros.

Un dos eixos prioritarios desta liña de acción é mellorar a seguridade viaria en cruces ou treitos paralelos dos Camiños de Santiago na rede autonómica de estradas, coa execución de 70 actuacións que contan cun orzamento de 1,42 M€.

A Xunta xa acometeu nos últimos anos melloras de seguridade ou da accesibilidade en treitos de vías coincidentes cos Camiños. Destacan intervencións como as do Camiño Francés, na LU-633 en Pedrafita, Triacastela ou Portomarín; ou no Camiño Portugués, na PO-225 en Alba, Pontevedra. Tamén se executaron outros proxectos, coma a mellora da seguridade na AC-934, no tramo coincidente co Camiño do Norte; na OU-105, en Seixalbo. Así mesmo, vaise actuar na AC-214 en Sigrás, ao paso do Camiño Inglés.



Ademais, a Xunta tamén executou actuacións de mellora das entradas das Rutas Xacobeas en Santiago de Compostela, cun investimento total de 12,6 M€.

No que respecta ás actuacións que o Goberno central ten previsto acometer na Rede de estradas do Estado, indicar que na reunión da Comisión de Seguridade dos Camiños en Galicia que tivo lugar o 22 de xaneiro de 2019 comunicáronse un total de 19 actuacións: 5 no Camiño Francés, 6 no Camiño Inglés e 8 no Camiño Portugués. A data de hoxe a maior parte delas, incluída a da N-547, está pendente de execución”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2022 13:28:38
Nº Rexistro: 34543
Data envío: 05/05/2022 13:28:38.255

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/05/2022 13:28:36

CSV: BOPGDSPG-3eF4vnx45-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 32784**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto do compromiso dun incremento de fondos propios para combater as dificultades de acceso á enerxía complementando os bonos sociais eléctricos e térmicos para que cubran como mínimo á poboación con carencia material severa"**(publicada no BOPG número 301 do 31 de marzo de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

"O Consello da Xunta aprobou o pasado mes de marzo un complemento autonómico de 100 euros que se suma á achega do Bono Social Térmico, para axudar a 66.400 fogares galegos coas facturas da enerxía para a calefacción, cociña e auga quente. As contías deste bono oscilarán entre os 228 e os 473 euros, en función de se a familia é considerada vulnerable ou moi vulnerable, e da zona climática de Galicia onde resida.

Os fogares que sexan destinatarios desta axuda, que son os mesmos que os que teñen descontos na súa factura da luz grazas ao Bono Social Eléctrico, non terán que facer ningún trámite, posto que recibirán o ingreso na súa conta de xeito automático.

A Xunta xa remitiu aos beneficiarios desta axuda autonómica unha carta que lles informa da contía que se lles transferirá e da conta bancaria na que se fará o ingreso. Ademais, estes poden comprobar se os seus datos son correctos e a contía da achega que lles corresponde na páxina web da Consellería de Política Social.



Esta iniciativa forma parte das doce medidas postas en marcha pola Xunta para mitigar o impacto da suba dos prezos, axilizar e ampliar as axudas; e que están dirixidas a apoiar tanto ás familias máis vulnerables como ao tecido produtivo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 34396
Data envío: 02/05/2022 14:30:58.399

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/05/2022 14:30:54

CSV: BOPGDSPG-3eF4vnx45-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 32812**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os resultados do programa de subvencións para a adquisición de vivenda libre en centros históricos para menores de 35 anos"** (publicada no BOPG número 301 do 31 de marzo de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"A convocatoria de axudas para adquisición de vivendas en centros históricos de 2020 estaba destinada exclusivamente a menores de 35 anos. Concedéronse todas as axudas solicitadas que cumprían os requisitos nun ano, como 2020, no que a pandemia da Covid 19 fixo que moitos proxectos se ralentizaran. As denegacións debéronse exclusivamente ao incumprimento dos requisitos da convocatoria, ao non estar as vivendas situadas nun centro histórico.

En 2021 a convocatoria abría as axudas a calquera comprador que cumprise os requisitos, mantendo un reforzo da axuda para os menores de 35 anos. Concedéronse 65 axudas por importe de 594.699 euros. A convocatoria de 2022 réxese polas mesmas bases que a de 2021".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 34395
Data envío: 02/05/2022 14:30:50.962

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/05/2022 14:30:46

CSV: BOPGDSPG-3eF4vnx45-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 32931**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración do Goberno galego respecto da sentenza que declara ilegal a reclamación da Renda de inclusión social de Galicia por incompatibilidade co ingreso mínimo vital"**(publicada no BOPG número 304 do 6 de abril de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

"En relación á reclamación das contías indebidamente percibidas polas persoas perceptoras da Renda de inclusión social de Galicia (RISGA) que accederon ao Ingreso Mínimo Vital (IMV), legalmente non existe outra opción que reclamar esas contías.

A Xunta instou ao Executivo central a empregar a vía da compensación directa ás Comunidades Autónomas para non prexudicar ás familias, pero non o estimou viable. Para paliar as consecuencias desta obriga legal, o Goberno galego concedeu as maiores facilidades posibles: habilitouse un prazo de 30 meses para que as persoas puideran regularizar a súa situación e, nos casos de familias especialmente vulnerables e con menores a cargo, posibilitouse a condonación da débeda ata unha contía do 50% do IPREM anual (3.400 euros), importe máximo permitido pola Lei de Inclusión Social de Galicia. Así mesmo, aqueles que voluntariamente queren aboar a débeda de xeito inmediato poden solicitar o fraccionamento do pagamento.

A Xunta de Galicia entende que este xeito de proceder está plenamente axustado á normativa vixente. A sentenza á que fai mención a pregunta acátase, pero se trata dunha interpretación dun xulgado en particular. De feito, existe outra sentenza en sentido contrario do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela, na que se dá a razón á Xunta nos seus posicionamentos.



Das persoas que nalgún momento percibiron de maneira simultánea o IMV e a RISGA desde xullo de 2020, arredor do 50% xeraron indebidos por un importe que lles permite acceder á condonación total; mentres que esta porcentaxe ascende a preto do 60% se temos en conta a condonación parcial (ata o límite do 50% do IPREM anual).

No que respecta ao impulso da reforma de Lei de inclusión, a Xunta de Galicia xa está a tramitar a modificación normativa para adaptar a lei á realidade actual, en estreita colaboración coas entidades e os profesionais que traballan no sector. A previsión é tela aprobada a final de ano.

O avance no deseño desta modificación normativa viuse condicionado pola demora no proceso de tramitación da lei reguladora do IMV, que non rematou ata o pasado mes de decembro.

A prestación entrou en vigor mediante a aprobación dun Real Decreto en xuño de 2020, pero posteriormente este texto sufriu ata seis modificacións, rematando o proceso o 21 de decembro do 2021 coa publicación da lei no Boletín Oficial do Estado (BOE). Estas constantes modificacións nos requisitos e, en xeral, na regulación do ingreso, provocaban unha enorme inseguridade respecto dos puntos que debían ser obxecto da reforma”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2022 13:28:32
Nº Rexistro: 34542
Data envío: 05/05/2022 13:28:32.240

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/05/2022 13:28:30

CSV: BOPGDSPG-3eF4vnx45-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 32947**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **"a valoración da Consellería de Política social respecto do cobramento indevido reclamado a un perceptor da renda de inclusión social de Galicia ao que se lle concedeu o ingreso mínimo vital"** (publicada no BOPG número 304 do 6 de abril de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

"En relación á reclamación das contías indebidamente percibidas polas persoas perceptoras da Renda de inclusión social de Galicia (RISGA) que accederon ao Ingreso Mínimo Vital (IMV), legalmente non existe outra opción que reclamar esas contías.

A Xunta instou ao Executivo central a empregar a vía da compensación directa ás Comunidades Autónomas para non prexudicar ás familias, pero non o estimou viable. Para paliar as consecuencias desta obriga legal, o Goberno galego concedeu as maiores facilidades posibles: habilitouse un prazo de 30 meses para que as persoas puideran regularizar a súa situación e, nos casos de familias especialmente vulnerables e con menores a cargo, posibilitouse a condonación da débeda ata unha contía do 50% do IPREM anual (3.400 euros), importe máximo permitido pola Lei de Inclusión Social de Galicia. Así mesmo, aqueles que voluntariamente queren aboar a débeda de xeito inmediato poden solicitar o fraccionamento do pagamento.



A Xunta de Galicia entende que este xeito de proceder está plenamente axustado á normativa vixente. A sentenza á que fai mención a pregunta acátase, pero se trata dunha interpretación dun xulgado en particular. De feito, existe outra sentenza en sentido contrario do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela, na que se dá a razón á Xunta nos seus posicionamentos.

No que respecta ao impulso da reforma de Lei de inclusión, a Xunta de Galicia xa está a tramitar a modificación normativa para adaptar a lei á realidade actual, en estreita colaboración coas entidades e os profesionais que traballan no sector. A previsión é tela aprobada a final de ano.

O avance no deseño desta modificación normativa viuse condicionado pola demora no proceso de tramitación da lei reguladora do IMV, que non rematou ata o pasado mes de decembro.

A prestación entrou en vigor mediante a aprobación dun Real Decreto en xuño de 2020, pero posteriormente este texto sufriu ata seis modificacións, rematando o proceso o 21 de decembro do 2021 coa publicación da lei no Boletín Oficial do Estado (BOE). Estas constantes modificacións nos requisitos e, en xeral, na regulación do ingreso, provocaban unha enorme inseguridade respecto dos puntos que debían ser obxecto da reforma”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2022 13:28:25
Nº Rexistro: 34541
Data envío: 05/05/2022 13:28:25.834

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/05/2022 13:28:23

CSV: BOPGDSPG-3eF4vnx45-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 33052**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **"a situación dos equipos técnicos de menores"** (publicada no BOPG número 304 do 6 de abril de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

"O Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social en Vigo ten, na área de menores, catro equipos de intervención; un de adopción; un de reforma; un de primeira valoración; o gabinete de orientación familiar (GOF); a asesoría xurídica e o equipo administrativo, ademais do coordinador de técnicos de menores e a xefa do Servizo.

Os equipos de intervención están formados, cada un deles, por seis técnicos. Un dos equipos agora mesmo dispón dun técnico menos por mor de que a praza corresponde a un posto base grupo A. Na actualidade, estase a traballar en colaboración co Servizo de Coordinación Administrativa para que na vindeira modificación da relación de postos de traballo este posto sexa modificado e pase a corresponder a un traballador social.

Un dos técnicos está en situación de incapacidade temporal. Unha vez que se determine que se trata dunha situación de media ou longa duración, solicitarase a súa cobertura.

Outra técnica foi autorizada a ocupar unha praza no xulgado de menores en situación de comisión de servizos, e a Consellería de Política Social xa iniciou a tramitación da cobertura desta praza. De feito, actualmente está publicada esta praza para ser cuberta igualmente en comisión de servizos.



No caso de que non se presentaran solicitudes, procederase á petición da súa cobertura a través das listaxes de contratación temporal.

Cómpre indicar que o equipo de adopción está formado por catro técnicos, dúas parellas de psicóloga e traballadora social. O equipo de reforma está formado por tres técnicos e o de primeira valoración por un psicólogo. O gabinete de orientación familiar (GOF), aínda que formalmente non constitúe un equipo de intervención de menores, está constituído por unha psicóloga e unha traballadora social.

Ademais, a Consellería de Política Social vén de reforzar este servizo coa contratación de dúas persoas máis, unha psicóloga e un traballador social. A psicóloga apoia ao equipo 2, mentres que o traballador social vai colaborar cos distintos equipos para pechar expedientes ou facilitar a súa derivación a servizos sociais de base.

En canto ao volume de traballo, na actualidade os técnicos de intervención adscritos á Xefatura Territorial de Vigo teñen abertos unha media de 70 expedientes por cada técnico, unha cifra similar á da Xefatura Territorial da Coruña.

En calquera caso, é importante salientar que os servizos de protección á infancia da Xunta de Galicia manteñen o persoal técnico de intervención sen que variaran considerablemente as medidas de protección adoptadas nos últimos dez anos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2022 13:28:18
Nº Rexistro: 34540
Data envío: 05/05/2022 13:28:18.225

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/05/2022 13:28:15

CSV: BOPGDSPG-3eF4vnx45-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 33057**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a situación do futuro centro de atención a persoas con diversidade funcional en Ourense"** (publicada no BOPG número 304 do 6 de abril de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

"O 18 de marzo de 2022 a Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Política Social compareceu en sede Parlamentaria para dar conta da situación das obras para a construción dun Centro de atención a persoas con discapacidade na cidade de Ourense.

Tal como se expuxo na comparecencia, a disposición adicional segunda da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, recolle unha serie de medidas aplicables aos supostos de alteración extraordinaria e imprevisible dos prezos dos materiais nos contratos de obra pública. Esta medida, que ten por finalidade paliar as situacións de suspensións ou resolucións contractuais, determina uns criterios para o establecemento do cálculo da compensación. Esta modalidade non permite ningún tipo de negociación como a que a pregunta formulada asegura que realizou a Xunta de Galicia e que indica se fixo pública o 20 de febreiro. A empresa contratista manifestou que, segundo os seus cálculos, esta medida para o reequilibrio económico suporíalle un 8% de incremento sobre o prezo de adxudicación e declara que o sobre custe que están a soportar xa alcanza o 30%. Así mesmo, volve propoñer unhas modificacións que supoñen un cambio substancial do proxecto, o cal non está permitido por lei.



Así pois, non se pode falar de ningún proceso de negociación que ocasione a demora das obras. Tal como figura no expediente, o que se está a seguir é o procedemento que para estes casos establece a normativa e isto está recollido no expediente de contratación, do que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia solicitou copia na pregunta parlamentaria 33046. Polo que a resposta sobre as motivacións técnicas da suspensión das obras poden ser comprobadas por ese Grupo, xa que se atenderá dita petición dándolle traslado do solicitado.

No que atinxe aos compromisos da Xunta de Galicia sobre a titularidade e xestión do centro, así como dos recursos económicos para o remate e finalización da obra, ambos xa foron manifestados reiteradamente por esta Consellería. Porén vólvese deixar constancia do compromiso de que o CAPD de Ourense será un centro de titularidade pública e que para o remate das obras se asume o compromiso económico que sexa preciso. Xa nos orzamentos do ano 2022 consignouse un crédito na partida destinada a construción do CAPD de Ourense por importe de 6.692.348 €.

Este investimento é prioritario para a Xunta de Galicia e, se fose preciso, cóntase con distintas fontes de financiamento para orzamentalalo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2022 13:28:09
Nº Rexistro: 34539
Data envío: 05/05/2022 13:28:09.787

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/05/2022 13:28:07

CSV: BOPGDSPG-3eF4vnx45-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 33061**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o incremento do complemento autonómico ás pensións non contributivas e da Renda de inseción social de Galicia para enfrontar a crise xerada pola suba de prezos"**(publicada no BOPG número 304 do 6 de abril de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

"No relativo ás contías da Renda de inclusión social de Galicia (RISGA), na pregunta indícase que todas as persoas perceptoras ingresan menos de 600 euros mensuais. Sen embargo, cómpre sinalar que a Lei de Inclusión Social de Galicia regula a RISGA como unha prestación composta por un tramo persoal e familiar, que depende do número de persoas que integren a unidade de convivencia; e dous tramos complementarios que teñen por obxectivo estimular o acceso ao emprego das persoas con máis dificultades:

- O tramo de inserción, que complementa ao tramo básico cun importe do 35% do IPREM e proporciona un acompañamento técnico destinado ás persoas perceptoras con maior potencialidade de emprego.
- E o tramo de transición ao emprego, que consiste nun complemento de ingresos que se concederá ás persoas beneficiarias da RISGA que accedan a un traballo.



Cómpre aclarar que a RISGA con carácter xeral é compatible co traballo de xeito indefinido, sempre que se cumpran o resto dos requisitos para a súas percepción.

A afirmación que se realiza na pregunta non é correcta, posto que a limitación a un período de seis meses refírese só ao tramo de transición ao emprego.

Ademais, estas contías aumentáanse no seu caso co complemento de aluguer, que ascende ao 10% do IPREM con carácter xeral e ao 15% no caso de que existan menores na unidade de convivencia.

Así, pois tendo en conta estes factores, a contía máxima desta prestación pode acadar arredor dos 1100 euros mensuais.

No que respecta ás pensións non contributivas (PNCs) o seu importe está fixado polo Goberno central. A Xunta de Galicia complementa o seu importe cunha axuda que se ven concedendo dende 2008 de xeito ininterrompido, sendo Galicia unha das Comunidades Autónomas que mantén un complemento destas características.

A posibilidade de incrementar as contías destas axudas estudárase no marco xeral de revisión da planificación e adopción das medidas de loita contra a pobreza e a exclusión social coas que xa conta a Xunta de Galicia, e das que se poden beneficiar todas as persoas que se atopen nesa situación, independentemente da orixe das fontes de financiamento coas que contén.

Para paliar as consecuencias da crise socioeconómica, a Consellería de Política Social xa puxo en marcha distintas medidas, entre as que se poden sinalar as dúas seguintes:

- Está en vigor a Tarxeta básica, programa pioneiro e extraordinario posto en marcha pola Xunta de Galicia en xuño de 2020 para dar resposta ás necesidades básicas dos galegos en situación de vulnerabilidade ocasionada pola COVID-19. Esta axuda artéllase a través de tarxetas-moedeiro que se poden empregar para a adquisición de produtos de alimentación, hixiene e farmacia. A súa contía depende do número de membros da unidade familiar: nos fogares unipersoais a axuda é de 150 euros ao mes; nos fogares de dous membros é de 200 euros mensuais; e nos





de tres ou máis membros a achega é de 300 euros ao mes. A Xunta leva destinados máis de 36 millóns de euros á Tarxeta básica, que na actualidade chega a arredor de 28.000 familias.

- E recentemente acaba de aprobarse un complemento autonómico de 100 euros destinado a todas as persoas perceptoras do Bono social térmico”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2022 13:28:02
Nº Rexistro: 34538
Data envío: 05/05/2022 13:28:02.616

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/05/2022 13:28:00

CSV: BOPGDSPG-3eF4vnx45-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 33232**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración do Goberno galego do Anteproxecto de lei de mobilidade sostible"** (publicada no BOPG número 304 do 6 abril de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego considera que o anteproxecto de Lei de mobilidade sostible que impulsa o goberno de España é lesivo para garantir as comunicacións no rural, xa que supedita a planificación de infraestruturas de transporte estatal á rendibilidade económica.

Por este motivo, o Goberno de Galicia presentou a principios de abril as súas alegacións a este anteproxecto nas que, entre outras cuestións, pide que a lei inclúa os principios de vertebración territorial e de igualdade de oportunidades para impedir o agravamento do declive demográfico e o abandono de sectores produtivos estratéxicos para a economía galega por mor da falta de competitividade.



O Goberno galego tamén avoga pola revisión dos principios establecidos para declarar Obrigas de Servizo Público, xa que a norma prima os criterios económicos en detrimento da rendibilidade social ou ambiental, e rexeita a implantación do pago por uso das autovías baseado na distancia percorrida, por consideralo prexudicial para os territorios periféricos como Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2022 13:27:55
Nº Rexistro: 34537
Data envío: 05/05/2022 13:27:55.600

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/05/2022 13:27:53

CSV: BOPGDSPG-3eF4vnx45-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 33387**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Gonzalo Caballero Miguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o balance da Xunta de Galicia respecto da rebaixa das peaxes da AP-9"** (publicada no BOPG número 308 do 18 de abril de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director da Axencia Galega de Infraestruturas en resposta á pregunta oral en Comisión número 33386, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 3ª celebrada o 22 de abril de 2022, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director da Axencia Galega de Infraestruturas explicou que as peaxes da AP-9 foron as que máis subiron este ano en España e pediu que se destinen á AP-53 os cartos que non se están a aproveitar das bonificacións previstas para a Autoestrada do Atlántico. O director da Axencia Galega de Infraestruturas detallou que o Goberno de España deixou sen gastar 38 dos 55 millóns de euros de investimento previsto para os descontos da AP-9 nos Orzamentos Xerais do Estado para 2021.

A resposta completa do director da Axencia Galega de Infraestruturas pode verse nos seguintes enlaces:



<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=YzJjYjdkZWUtMjJkNC00MWQxLWJlMDQtYTM0ZWJmNzBjZjdi&start=825](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YzJjYjdkZWUtMjJkNC00MWQxLWJlMDQtYTM0ZWJmNzBjZjdi&start=825)

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=YzJjYjdkZWUtMjJkNC00MWQxLWJlMDQtYTM0ZWJmNzBjZjdi&start=1821](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YzJjYjdkZWUtMjJkNC00MWQxLWJlMDQtYTM0ZWJmNzBjZjdi&start=1821)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2022 13:27:49
Nº Rexistro: 34536
Data envío: 05/05/2022 13:27:49.506

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/05/2022 13:27:46

CSV: BOPGDSPG-3eF4vnx45-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

